

PRETO DE 1.000 DOENTES A SEGUIMENTO NA UNIDADE DE ESCLEROSE MÚLTIPLE COMPOSTELÁ, DE REFERENCIA NACIONAL

- Hoxe celébrase o Día Nacional da esclerose Múltiple e a área sanitaria compostelá e a asociación de Esclerose Múltiple súmanse a esta xornada
- Cada ano diagnóstícanse preto 30 novos doentes e realízanse 2.234 consultas
- A unidade de Esclerose Múltiple do Hospital Clínico de Santiago ven de acadar o Certificado Avanzado da Sociedade Española de Calidade Asistencial

Santiago, 18 de decembro de 2023.- Hoxe celébrase o Día Nacional da Esclerose Múltiple e a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, Parkinson, ELA e outras enfermidades neurodegenerativas (ACEM) instalou unha mesa informativa no Hospital Clínico de Santiago ata a que se achegaron a xerente da Área Sanitaria, Eloína Núñez, e a subdirectora de Humanización, María José Menor xunto ao xefe do Servizo de Neuroloxía, José María Prieto, que estiveron acompañando uns minutos aos representantes de dita asociación.

A esclerose múltiple é unha enfermidade neurolóxica que lle afecta maioritariamente a mulleres entre os 20 e os 40 anos, pero tamén pode aparecer en nenos, adolescentes e anciáns. Calcúlase que en España padecen esta enfermidade unhas 55.000 persoas e en Galicia temos a prevalenza máis alta de España o que supón que hai preto de 4.000 doentes con esta patoloxía..

Na Unidade de Esclerose Múltiple do Hospital Clínico Universitario de Santiago diagnóstícanse cada ano entre 25 e 30 enfermos dos que preto do 30% veñen doutras áreas sanitarias para unha segunda opinión e en moitos casos para tratamento. O pasado ano realizáronse 2.234 consultas e fíxose seguimento periódico a un total de 983 pacientes. Centro de Referencia Nacional (CSUR) no tratamento dos pacientes con EM, foi finalista nos premios nacionais Best in Class (BIC) nos últimos anos.

En xullo deste ano recibiu o CERTIFICADO AVANZADO por parte da Sociedade Española de Calidade Asistencial (SECA) segundo normas que están avaladas pola Sociedade Española de Neuroloxía (SEN), a Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria (SEFH), a Sociedade Española de Directores Sanitarios (SEDISA), a Sociedade Española de Enfermería Neurolóxica (SEDENE), a Sociedade Española de Informática Sanitaria (SEIS), Sociedade Española de Neurorradioloxía (SENOR) e a Asociación de Pacientes de Esclerose Múltiple España (EME).

Contar cun servizo certificado con estes criterios é unha garantía de calidade, xa que esta distinción reconece o grao de adecuación da actividade aos estándares de calidade asistencial establecidos polas sociedades científicas. Ademais, esta unidade participa na organización de reunións, publicacións e comunicacións en congresos nacionais e internacionais e actualmente forma parte de 9 ensaios clínicos internacionais. Nestes intres, dentro da unidade estanse realizando 2 tese doutorais e 3 proxectos de investigación relacionados coa esclerose múltiple. **Saúdos,**